

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Heroes e heroínas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cruceiro da Loba

Este cruceiro sitúase ao nordés da Serra da Loba, cabo das Medoñas do Galiñeiro, na parroquia de Cambás, Aranga (A Coruña), case nos lindes coa de Val de Xestoso, concello de Monfero. Súponse obra do século XIX. No pedestal pode lerse a seguinte inscrición: DESTE MONGE / OVECO HE DE VOS / ORACIÓN REZARÉ / A JOAN LOAD / AVE MARÍA Dise que se lle chama **Cruceiro da Loba** en memoria da mítica bandoleira, coñecida como Pepa, A Loba. Non moi lonxe da ubicación deste cruceiro está a Fonte de Pepa, a Loba.

© Galicia Encantada

